

## Concello de San Sadurniño

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2022/7	O Pleno

#### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria urxente Motivo: «adaptación de normativa necesaria para concorrer ás axudas de gratuidade da Escola Infantil e por mor do inicio de curso»
<b>Data</b>	24 de agosto de 2022
<b>Duración</b>	Desde as 19:00 ata as 19:20 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos
<b>Presidida por</b>	Secundino García Casal
<b>Secretario</b>	Olalla Alvarez de Neyra Martinez

#### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
32706795J	ARACELI BELLAS CASTRO	SÍ
76403948H	José Luis Hermida Prieto	NON
32665954C	Lois Anxo Rodríguez Calvo	NON
32650976S	Manuel Beceiro Couce	NON
32626037P	Manuel Varela Mecías	SÍ
32647647K	María Amparo Calvo González	SÍ
76413184P	María Belén Trigo Meizoso	SÍ
32680363P	María Carmen Muíño Filgueira	SÍ
32696031J	María Esther Díaz Vergara	SÍ
32643269J	Secundino García Casal	SÍ



## Concello de San Sadurniño

32653802N	Tomás Calvo García	SÍ
<b>Escusas de asistencia presentadas:</b> 1. Lois Anxo Rodríguez Calvo: «ausente termo municipal» 1. Manuel Beceiro Couce: «ausente termo municipal»		

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Aprobación do carácter urxente da sesión

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Inicia o punto da orde do día o Sr. Alcalde indicando que xustificase a convocatoria da presente sesión na premura dada pola necesidade de adaptar a normativa actual da Escola Infantil Municipal "A Rolada" tanto na súa vertente económica como de organización interna, á Orde de 22 de xullo de 2022 da Consellería de Política Social e Xuventude, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 para o curso 2022/2023 e ao Real Decreto 95/2022, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas de educación infantil 0-3 a nivel estatal.

Existe unha necesidade de cumprimento de prazos que ven dada polo propio prazo de solicitude da citada orde (1 ao 30 de setembro) e tamén polo comezo do curso escolar, sendo emerxente a tramitación destes documentos e, por tanto, debendo minorarse aqueles prazos que poidan ser acurtados.

A urxencia ven dada tamén polo feito de que os traballos de adaptación e redacción ou consulta finalizan o mesmo día da convocatoria da presente sesión.

Sen producirse intervencións, apróbase a urxencia da presente sesión por unanimidade dos membros presentes que acadan a maioría absoluta dos membros da Corporación.

#### Expediente 525/2022. Regulamento Normas Funcionamento Escola Infantil Municipal

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Coa referencia da proposta de Alcaldía que se transcribe:

"Como consecuencia da publicación da Orde de 22 de xullo de 2022, da Consellería de Política Social e Xuventude, plantéxase neste Concello a necesidade de adaptar a normativa municipal ás esixencias do Decreto 49/2012, xa que é requisito previo e necesario para poder optar ás axudas para funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís



## Concello de San Sadurniño

0-3, polo que inicialmente traballouse sobre o Regulamento existente nunha conversa continua cos servizos competentes autonómicos,

Asimesmo, a publicación do Real Decreto 95/2022, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas de educación infantil 0-3 levou tamén á necesidade de adaptar esta normativa local ás novas previsións lexislativas,

Como consecuencia da introducción de cambios e a reubicación de apartados para unha mellor distribución do texto, obsérvase que resulta máis aconsellable aprobar un texto *ex novo* en lugar de realizar unha mezcolanza de eliminacións, modificacións e engadidos,

Vista a necesidade desta adaptación e a urxencia que da o momento temporal de inicio do curso escolar,

De conformidade co disposto nos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, proponse ao Pleno a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO. Derrogar o actual Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal A Rolada.**

**SEGUNDO. Aprobar inicialmente o Regulamento municipal das Normas de Funcionamento da Escola Infantil Municipal A Rolada, nos termos en que figura no expediente.**

**TERCEIRO. Someter dito Regulamento municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación en o *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días soltos para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.**

**Simultaneamente, publicar o texto do Regulamento municipal no portal web do Concello [<http://sansadurnino.sedelectronica.gal>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.**

**CUARTO. Dar traslado do documento aprobado inicialmente á Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais**

**QUINTO. Facultar ao Alcalde para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto"**

**O Sr. Alcalde-Presidente cede a palabra á concelleira Dona María Carmen Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, quen intervén para indicar que o motivo do presente pleno ven dado pola necesidade de aprobación da normativa de funcionamento da Escola Infantil para adaptala á nova condición de gratuidade da asistencia educativa para 0-3. O documento, sinala, chega tras un longo traballo de consultas e adaptación á nova situación de gratuidade, para que o Concello poida optar ás axudas convocadas para os Concellos en orde á aplicación deste beneficio ás familias. As modificacións, sustancialmente, obedecen a melloras no propio funcionamento da Escola por unha banda e, por outra, ás necesarias para a adaptación á orde de gratuidade. Indica, por exemplo, a inclusión da quenda de vacacións por mes completo ou quincenas naturais, a diferenza do que viña sendo habitual nesta Escola Infantil, que viña actuando moi á medida das necesidades das familias, a implantación de dúas modalidades de xornada (completa ou media xornada) para poder adaptarse á normativa de gratuidade, que esixe asimesmo un esquema similar ao das Escolas autonómicas.**

**Indica dona María Carmen Muiño que o Concello sempre entendeu a Escola Infantil como un recurso de conciliación fundamentalmente, e que a partir de agora terase tamén en conta, á hora de determinar a preferencia na asignación de prazas, a renda familiar, outorgando máis puntos de solicitude ás rendas máis baixas.**



## Concello de San Sadurniño

Quere puntualizar a Sra. Concelleira que detrás do texto que se propón hai un traballo de meses para poder ter a documentación preparada, pero que non foi posible traer antes o asunto ao Pleno porque a Orde que regula as axudas para Escolas Infantiles Municipais publicouse no propio mes de agosto e ata ese momento non se puido ter certeza de saber en qué afectaba dita gratuidade á normativa municipal e ás propias familias. Indica, asimesmo, que dita gratuidade é financiada parcialmente pola Xunta de Galicia pola vía de subvención e o resto é aportado polo Concello.

Intervén dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, para indicar que están de acordo coa proposta.

Sen producirse máis intervencións, sométese a votación o asunto da orde do día, aprobándose por unanimidade dos concelleiros presentes os seguintes

### ACORDOS

**PRIMEIRO.** Derrogar o actual Regulamento de Réximen Interior da Escola Infantil Municipal A Rolada.

**SEGUNDO.** Aprobar inicialmente o Regulamento municipal das Normas de Funcionamento da Escola Infantil Municipal A Rolada, nos termos en que figura no expediente.

**TERCEIRO.** Someter dito Regulamento municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación en o *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días soltos para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto do Regulamento municipal no portal web do Concello [<http://sansadurnino.sedelectronica.gal>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

**CUARTO.** Dar traslado do documento aprobado inicialmente á Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais

**QUINTO.** Facultar ao Alcalde para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto

### Expediente 486/2022. Modificación ordenanza fiscal Escola Infantil

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Partindo da proposta de Alcaldía que se transcribe:

"Vista a Providencia de Alcaldía de data 28 de xullo de 2022, incoando o procedemento e dando apertura aos trámites correspondentes.

Visto o informe técnico-económico sobre a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos da Escola Infantil Municipal,

Vista o proxecto de modificación da Ordenanza fiscal T15 reguladora da taxa por prestación dos servizos da Escola Infantil Municipal

Visto o informe de Secretaría suscrito no que se avaliou a viabilidade e legalidade do proxecto e do procedemento, de acordo coa normativa aplicable, así como coas regras internas aprobadas na Entidade.



## Concello de San Sadurniño

Visto o informe de Intervención subscrito no que se avaliou o cumprimento da normativa aplicable e en particular, os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Visto que o presente asunto reviste unha urxencia inusual, por canto a adaptación da Ordenanza Fiscal é requisito previo para poder concorrer ás axudas convocadas por Orde do 22 de xullo de 2022 da Consellería de Política Social e Xuventude para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3, cun prazo de solicitude entre o 1 e o 30 de setembro.

Visto, asimesmo, que o curso escolar da comezo no vindeiro mes, sendo necesario e fundamental ter, alo menos, publicada inicialmente a modificación da ordenanza para poder prantexar a súa aplicación en tempo e forma,

Reunidos os documentos que forman o expediente relativo á modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación dos servizos da Escola Infantil Municipal e co disposto no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local,

### PROPOÑO

**PRIMEIRO.** Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal T15 reguladora da taxa por prestación dos servizos da Escola Infantil Municipal nos termos do proxecto que se anexa ao expediente

**SEGUNDO.** Expor ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio en o *Boletín Oficial da Provincia*, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://sansadurnino.sedelectronica.gal>].

**TERCEIRO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, con base no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e remitir á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días desde a aprobación, copia do Acordo definitivo de aprobación e copia íntegra do texto da Ordenanza, así como copia íntegra autenticada da mesma.

**CUARTO.** Facultar a Alcalde para subscribir os documentos relacionados con este asunto».

O Sr. Alcalde-Presidente cede a palabra a dona María Carmen Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, quen indica que, do mesmo xeito que a gratuidade afecta ao funcionamento, tamén debe reflectirse na Ordenanza Fiscal; a Ordenanza Fiscal contén un cadro de tarifas que se remite ao Decreto 49/2012, distinto do anterior, que continúa o custo da praza concreto, sen perxuízo de que se estableceran axudas para familias máis desfavorecidas polo mecanismo das becas municipais. O custo da praza ven agora determinado por unha porcentaxe do IPREM seguindo a escala da propia Xunta de Galicia na súa normativa, e ese é o importe que se bonifica pola vía da subvención. A diferenza co custe real debe aportala o Concello. Hai, ademais, unha serie de descontos para familias monoparentais, numerosas, irmáns no mesmo centro, acolledoras de menores... que se aplican sobre a tarifa que corresponda, e que son ingresos que entran de menos no Concello.

Quere manifestar a Sra. Concelleira que o Goberno Municipal está a favor da gratuidade dos servizos de conciliación, pero feito un estudo da repercusión e das contas e tras o traballo levado a cabo, considera necesario facer unha puntualización crítica cunha medida que adolece, no seu parecer, de certa improvisación. Neste senso, sinala que resulta moi doado facer políticas nas que a Xunta invita pero os Concellos pagan, e que o da Escola Infantil é un caso máis de servizos non propios que os Concellos teñen que complementar e facer un esforzo para facer fronte á infracobertura da propia Xunta de Galicia.

Intervén dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, para indicar que están de acordo co punto da orde do día e que, na súa opinión, debe terse en conta que os principais beneficiarios son os nenos do Concello e os seus pais como pagadores do servizo, polo que todo o que veña a garantir e beneficiar aos veciños debe ser benvido. Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Intervén novamente dona María Carmen Muiño, do grupo municipal do BNG, para recalcar que os documentos que se someten a acordo plenario traen moito traballo e labor de actualización para poder adiantar a información da que se ía dispoñendo para tranquilidade das familias. Quere destacar que o Goberno Municipal sempre estivo co compromiso de beneficiar ás familias das crianzas usuarias da Escola Infantil, e que no seu día apostouse por un recurso de calidade para a conciliación e aposta actualmente pola gratuidade do mesmo. Non obstante, considera que existiu un anuncio improvisado que se dilatou no tempo e que, á postre, implica unha mobilización de recursos municipais, polo que



## Concello de San Sadurniño

agradecería un apuntamento crítico e considera que un posible método de actuación podería vir dado pola asunción por parte da Xunta de Galicia da rede de Escolas Infantiles, ben directamente, ben a través do Consorcio.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, don Secundino García, para indicar que participou persoalmente nas conversas coa Xunta por esta cuestión a través da Fegamp, e que considera que existe algo de improvisación no anuncio no seu día da gratuidade, que logo desembocou nunha situación en que o custo é asumido parcialmente polo propio Concello. Indica que, na súa opinión, dáse a circunstancia paradóxica de que pode ocorrer que non exista subvención da Xunta de Galicia se os cativos inscritos non xeneran taxa por estar por debaixo da porcentaxe do IPREM indicada nas táboas, pero iso non significa que a Escola Infantil non custe nada. Sinala que, resultado destas conversas, a Xunta de Galicia comprometeuse a estudar esta situación.

Indica tamén o Sr. Alcalde que a Escola Infantil en San Sadurniño implantouse tras un expediente de delegación de competencias da propia Xunta de Galicia e as tarifas foron aprobadas en base ao propio plan de viabilidade de dita delegación. Agora, a implantación da gratuidade implica unha aportación municipal que non todos os Concellos poden asumir polo momento temporal, pudiendo existir problemas a nivel orzamentario ou de liquidez; engade que San Sadurniño é un Concello saneado que pode facer fronte a esta situación, pero que non ten por qué ser a situación habitual, e que grazas á presión realizada por algúns Concellos rectificáronse algunhas cousas, como o feito de que inicialmente esixíase a indicación exclusiva nos documentos a entregar ás familias da indicación de que o 100% do custo era bonificado pola Xunta de Galicia, o que non é certo pois a Xunta non paga o que pagaban os pais, senón a súa táboa, que ademais está sin actualizar dende 2017, pudiendo actualmente indicarse que existe aportación do propio Concello. Indica que debe terse en conta que se trata dun servizo que non é competencia propia do Concello, pero o paga, como ven ocorrendo con outros como a Axuda no Fogar. Quere puntualizar, asimismo, que os beneficiarios son familias de San Sadurniño pero tamén doutros concellos, xa que hai nenos de outras localidades matriculados na Escola Infantil Municipal.

Suficientemente debatido o asunto da orde do día, sométese a votación, adoptándose por unanimidade dos membros presentes os seguintes

### ACORDOS

**PRIMEIRO.** Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal T15 reguladora da taxa por prestación dos servizos da Escola Infantil Municipal nos termos do proxecto que se anexa ao expediente

**SEGUNDO.** Expor ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio en o *Boletín Oficial da Provincia*, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://sansadurnino.sedelectronica.gal>].

**TERCEIRO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, con base no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e remitir á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días desde a aprobación, copia do Acordo definitivo de aprobación e copia íntegra do texto da Ordenanza, así como copia íntegra autenticada da mesma.

**CUARTO.** Facultar a Alcalde para subscribir os documentos relacionados con este asunto

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos



## Concello de San Sadurniño

---

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Cod. Validación: 4DHJKRPDZCXNXCRC2CQHSZQH | Corrección: <https://sansadurnino.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7